



Liñas de acción

Curso 2024-25

Renovar a esperanza

1. O gran Xubileu romano de 2025

A convocatoria do Ano Xubilar romano de 2025 polo noso Papa Francisco coa súa Bula «*Spes non confundit*» invítanos a poñer o noso novo curso pastoral baixo o signo da esperanza. Esta quixo o Papa que sexa a «mensaxe central do próximo Xubileu» (*Spes, 1*), que puxo baixo o lema peregrinos da esperanza.

Nós participaremos nas celebracións xubilares unidos a toda a Igrexa, facéndonos así máis conscientes de estar camiñando xuntos na historia. Lébrannolo especialmente os ritmos do Xubileu romano, que reflicte o paso dos séculos; pero tamén a celebración xa anunciada para 2025 do 1700 aniversario do primeiro gran Concilio ecuménico en Nicea (do ano 325), decisivo para a nosa profesión de fe en Xesucristo como verdadeiro Fillo de Deus, consustancial ao Pai (*Spes, 17*).

A apertura da Porta Santa da Basílica de San Pedro no Vaticano terá lugar o día 24 de decembro deste 2024; e a súa clausura será o 6 de xaneiro de 2026.

Pero o Papa estableceu igualmente que se proceda a unha **apertura solemne do Ano xubilar en todas as Catedrais** o día 29 de decembro de 2024, cunha correspondente clausura o 28 de decembro de 2025. Nós procederemos á apertura diocesana cunha breve peregrinación á nosa Catedral Basílica e unha celebración da Eucaristía o próximo 29 de decembro, seguindo o disposto na Bula papal (*Spes*, 6c).

Segundo o establecido pola Santa Sé, as grazas deste Xubileu poderán ser alcanzadas, cumprindo as condicións habituais, acudindo como peregrinos da esperanza á propia Catedral ou a aqueles templos que para tal fin indique o Bispo diocesano. Así pois, para que o ben espiritual deste gran Ano alcance a todo o territorio diocesano e todo fiel sinta próxima a graza de revivir o Amor de Cristo e a pertenza á súa Igrexa, determino que nesta Diocese de Lugo, ademais de na súa Catedral Basílica, os fieis **poderán gañar a indulxencia xubilar peregrinando a algún dos seguintes Santuarios**: Nosa Señora dos Desamparados en Abades, Nosa Señora das Angustias en San Pedro de Arcos, Nosa Señora de Cadeiras, San Pedro de Cadoalla, San Xulián de Carballo, Santa María A Real de O Cebreiro, Virxe dos Remedios en Cesar, Nosa Señora en Curbián, Nosa Señora da Peña de Francia en Dozón, Santa María de A Ermida, Nosa Señora de O Faro, Santa María de A Fonsagrada, Santo Cristo de Goián, Nosa Señora da Saúde en San Pedro de Líncora, San Eufrasio en Santa María do Mao, San Bernabé en Santiago de Martín, San Vicente do Pino en Monforte, Santa María Magdalena de Mougán, Nosa Señora de O Corpiño, Santa María de Rendal, Ecce Homo en Santiago de Rubián, Nosa Señora da Saleta en Siador e Nosa Señora das Dores en Vilasante.

Por outra banda, a Penitenciaría apostólica publicou o 13 de maio de 2024 un documento complementario á Bula con amplas indicacións sobre as indulxencias deste ano xubilar. Precísanse nel diversas e abundantes formas de gañar esta indulxencia, a fin de facilitar ao máximo alcanzar a finalidade do Xubileu, é dicir a reconciliación e a transformación do corazón. Calquera dúbida respecto diso poderá ser aclarada pola nosa Delegación de liturxia.

Como signo de comunión co Sucesor de Pedro e coa Igrexa universal, propoñerase, en particular, **unha peregrinación diocesana a Roma**, que terá lugar D.m. do 5 ao 8 de maio de 2025. Desde a Santa Sé ofrécese igualmente toda unha serie de datas xa reservadas para a celebración segundo os diferentes estados de vida, vocacións e misións. De entre estas propostas, daremos prioridade como xesto diocesano **á participación no Xubileo dos mozos**, previsto do 28 de xullo ao 3 de agosto de 2025, seguindo a tradición das XMX, como instrumento importante de pastoral xuvenil. Outras peregrinacións poderán organizarse libremente.

2. Renovar a esperanza

2.1. Gardar memoria do Señor

A celebración do Ano Xubilar romano será para nós unha invitación e un instrumento para renovar a esperanza, non como unha simple expectativa imprecisa ou unha actitude optimista ante o futuro, senón como dimensión intrínseca da experiencia cristiá, na vida e ante a morte.

En efecto, o Papa lémbra-nos na súa Bula que o fundamento da nosa esperanza é «o amor que brota do Corazón de Xesús traspasado na cruz» (3a), en cuxa vida nos foi dado participar polo bautismo e os sacramentos. Temos «a certeza de que nada, nin ninguén poderá separarnos nunca do amor divino: ‘quen poderá entón separarnos do amor de Cristo? ... nin a morte nin a vida, nin os anxos, nin os principados, nin o presente nin o futuro, nin os poderes espirituais, nin o alto, nin o profundo, nin ningunha outra criatura, poderá separarnos xamais do amor de Dios, manifestado en Xesús o noso Señor’». (3b)

Fundamento de toda vida cristiá e, por tanto, de toda acción pastoral é gardar viva esta relación con Cristo, non permitir que caia no esquecemento e deixe de determinar a nosa mirada sobre a vida e o mundo, e as nosas accións; e que deixe de ser entón causa da nosa esperanza.

A especial peregrinación xubilar deste ano será para nós ante todo un signo de pertenza a este Amor do Señor, vivo na súa Igrexa, e de docilidade ás indicacións do seu Espírito na nosa historia cotiá. Pertencemos ao Señor, estamos nunha profunda unidade con El establecida no bautismo. E queremos gardar viva a memoria desta pertenza, como membros do seu Pobo, que nace e se alimenta do seu Amor, do compartir o seu Corpo e o seu Sangue, o seu Espírito.

A súa presenza na historia non terminou coa morte en cruz, senón que o seu Amor vitorioso atravesamos os séculos como verdadeira esperanza do mundo, atrae e renova mentes e corazóns de xeración en xeración, e converteuse en fundamento da nosa vida. Isto é o que celebramos no Xubileo romano, que se convoca regularmente en principio cada 25 anos.

Celebrarémolo para afirmar a nosa fe, a nosa propia identidade como cristiáns, nestes momentos nos que a todos nos urxe recoñecer de novo o Amor do Señor como a nosa esperanza e a nosa guía; mentres os poderes deste mundo pretenden impoñer outra «memoria» á nosa conciencia, outra percepción da historia e da vida, segundo a cal haberíamos de poñer a nosa confianza nos poderosos, os que gobernan as nacións, os que controlan a información e pensan modelar as culturas, que consideran de máis valor as riquezas que a dignidade ou os dereitos do próximo, do débil e do necesitado, ou de quen non resulta útil.

O Ano xubilar convidanos a mirar á nosa historia cos ollos da fe, lémbra-nos o Amor do Señor en quen puxemos a nosa confianza; confírmanos na nosa pertenza a un Pobo que ten tradición e conciencia propia, que se guía polo Evanxeo mentres responde os desafíos da vida, que se recoñece unido no Sucesor de Pedro.

2.2. Xestos de oración

Habemos de coidar desta memoria, agradecendo e aproveitando as ocasións singulares que nos ofrece a Igrexa universal, como é este Xubileo, que nos fala do noso percorrido na historia e convidanos a renovar a nosa esperanza.

Pero a memoria do Amor do Señor, da nosa vinculación con El, vívese e exprésase na nosa pertenza eclesial cotiá. As nosas parroquias e santuarios, os seus edificios e as súas comunidades, a xeración dos que nos transmitiron a fe, a nosa Diocese, fálannos da nosa identidade, do noso ser persoal e comunitario, habitado pola fe e a caridade, e no que procuramos que non se apague a chama da esperanza. Non habemos de minusvalorar nunca a vida das nosas comunidades, na sinxeleza e humildade dos seus xestos e os seus encontros; nin deixar de coidar e soste con empeño unha conciencia esperta e madura nos nosos fieis cristiáns.

Por iso, xunto coas celebracións especiais, a convocatoria do Ano xubilar é tamén, ao mesmo tempo, unha invitación para volver a mirada a estas referencias eclesiais próximas, a valoralas e coidalas particularmente. Celebramos cada 25 anos solemnemente na Igrexa universal o que somos todos os días, o que vivimos cada curso participando no misterio da reconciliación e da comunión con Deus.

Por iso, nós este ano poñeremos un acento especial en coidar esta memoria consciente, a través **dalgúns xestos de oración que propoñeremos por zonas** ao longo da Diocese. Volver a mirada a Deus, en primeira persoa, lembrar a necesidade de facelo cada día, salvagarda a conciencia da nosa identidade como cristiáns, da nosa posición no mundo, das prioridades e criterios de acción na nosa vida.

Rezamos, falamos con Deus; pero non só, senón unidos a Cristo Xesús, en comunión con El, o que nos dá certeza de ser escoitados polo Pai, a confianza necesaria para entrar con toda a nosa pobreza na Súa presenza.

Faremos, pois, xuntos este curso algúns xestos explícitos de oración, para axudarnos neste camiño. Aínda que se trata evidentemente dunha liña de acción pastoral fundamental e permanente na vida das nosas comunidades. Todos habemos de aprender sempre de novo a acompañar coa oración común e co

testemuño mutuo as necesidades e os momentos máis significativos, os desafíos que experimentamos na vida.

Tamén desde os organismos de preparación do Xubileu romano pídesenos insistir pastoralmente este ano na oración, para o que prepararon algúns cadernos, que a nosa Delegación vai transmitindo a todos e que poden ser usados en parroquias e comunidades.

Pero a iso serven moi directamente tamén os santuarios, as peregrinacións, as festas dos santos, nas que os fieis oran e recoñécense Pobo de Deus, cunha tradición, cunhas formas, cunha conciencia chamada a ser cada vez máis clara, máis iluminada pola fe.

Neste sentido, a relixiosidade popular, ben coidada pastoralmente, é parte constitutiva dun camiño feito xuntos, pertencendo concretamente a unha historia e a un Pobo con rostro propio, fundamentado no Amor do Señor.

Este acento posto na oración, na memoria de Cristo —como suxire a Santa Sé este ano—, os xestos particulares que podamos facer durante o curso e os momentos singulares que adoitamos vivir en santuarios e peregrinacións, poderían confluír nunha máis solemne celebración do Corpus e particularmente da Ofrenda do Reino de Galicia ao Santísimo Sacramento, da que se prevé un posible recoñecemento este curso como BIC inmaterial.

Expresaríamos así do mellor modo a nosa fe en Cristo e a nosa pertenza á súa Igrexa, como Pobo que camiña no medio do mundo. Pois profesaríamos a fe verdadeira de novo, segundo tradición secular galega e lucense, ante o misterio da Eucaristía, en comunión con Xesús, a quen adoramos como Fillo de Deus, na súa natureza humana e divina —como nos ensinou o Concilio de Nicea. E afirmariamos o noso ser e a nosa historia como Igrexa, presente nesta nosa terra galega desde as orixes e viva tamén hoxe por graza de Deus.

2.3. *Eucaristía dominical*

Por suposto, para renovar a esperanza, para manter a fe ante os retos do noso tempo, é necesaria a forma primeira de realización do noso ser Igrexa: a participación persoal no misterio da reconciliación e da comunión co Señor, expresado plenamente na celebración eucarística dominical.

Por iso, sempre será unha prioridade pastoral a invitación insistente aos fieis para participar na Santa Misa os domingos, a vivir o propio ser Igrexa no contexto concreto dunha verdadeira comunidade cristiá. Esta participación é a forma primeira de obediencia á palabra do Señor: facede isto en memoria miña; e é sostén e referencia primordial da nosa identidade cristiá.

Por conseguinte, é tarefa principal, anterior a outros posibles servizos pastorais, ofrecer aos fieis a posibilidade de participar todos os domingos na celebración eucarística, e poñer de relevo o significado fundamental deste momento de encontro e unidade, de pertenza ao Señor. A iso contribuirá decisivamente coidar o «ars celebrandi», os diversos aspectos da celebración, pero igualmente a relación persoal e comunitaria con todos os fieis. De modo que a Igrexa, tamén no mundo rural, poida ser lugar concreto de vida na fe e na esperanza para os nosos fieis, e posibilidade real de encontro con Cristo para todos.

Estas perspectivas converxen coas indicacións xerais que resoan na Igrexa universal, concretamente no *Instrumentum laboris* preparado para a Asemblea sinodal do próximo outubro de 2024. Falando das parroquias, subliña, en efecto, a conciencia «de que debemos facer máis para aproveitar a gran plasticidade das nosas parroquias, entendidas como comunidade de comunidades, ao servizo da creatividade misioneira» (89).

Insiste en que hai «un número cada vez maior de formas que non se refiren a unha base xeograficamente definida» (90). Tampouco na nosa Diocese, pola nosa particular evolución social e eclesial, e a pesar da súa tradición quizá milenaria, xa abonda a soa referencia xeográfica; senón que, xunto con esta, que forma

parte sen dúbida do noso ser e do noso tecido humano máis propio, estamos chamados a promover e coidar «os vínculos de unidade» dos fieis, nas formas máis adecuadas a «cada contexto particular», para facer posible unha experiencia real de vida e «pertenza á Igrexa» (90). É un desafío pastoral xa presente, e o camiño do futuro para a fe na nosa terra.

Así pois, tamén o curso que empeza seguirá sendo liña de acción prioritaria na nosa Diocese continuar o proceso de reordenación pastoral, co obxectivo de facer posible a permanencia dunha plena presenza eclesial en todo o noso territorio e a participación activa e consciente de todos os fieis na vida da Igrexa.

3. Educación na fe

Expresión fundamental da esperanza é igualmente coidar a educación, que confía e traballa polo futuro de ben ao que está destinada a persoa, máis aló das súas condicións persoais e sociais. Esta responsabilidade é tamén a consecuencia natural do bautismo, da introdución de fillos e fillas a unha vida nova en Cristo; pois non poderán crecer na fe —e mesmo quizá nin salvagardala—, se non están rodeados de interese e agarimo, se non llos educa cristianamente en todos os sentidos da palabra.

A este respecto, a Conferencia episcopal española ofrécenos este curso un instrumento que pode ser importante para o camiño educativo dos nosos fieis, en particular nenos e novos: a preparación e celebración **dun Congreso sobre vocacións, «Igrexa, asemblea de chamados para a misión»**, que terá lugar en Madrid do 7 ao 9 de febreiro de 2025. Pois todo o proceso de iniciación cristiá, de educación e crecemento na fe, alcanza o seu froito maduro cando o fiel acolle conscientemente algunha das formas da vocación cristiá; é dicir, cando comprende a propia existencia en relación co Señor, como fundamentada no seu Amor, e se sente chamado a responderlle igualmente na liberdade da propia entrega persoal.

A correspondente Delegación facilitará a información e a participación nos traballos previos e nos días de celebración deste Congreso; coa esperanza de que esta iniciativa sirva para potenciar o servizo da pastoral vocacional na nosa Diocese.

3.1. Catequese

Neste horizonte, será prioritario para nós este curso o coidado da catequese, do proceso de iniciación cristiá.

Desde a «Delegación de educación na fe» fíxose xa unha ampla visita ás diversas zonas da Diocese; e tanto os Consellos de arciprestes como o presbiteral puideron constatar non só as dificultades e fortalezas dos nosos procesos catequéticos, senón tamén as novas condicións familiares e culturais en que teñen lugar.

Por suposto, este curso será esencial, como sempre, coidar a forma en que se realiza a catequese, parroquial e interparroquial, así como a presenza dos catequistas e o seu acompañamento. Pero quereríamos ademais poder levar a cabo **un proceso conxunto de reflexión**, nas diversas zonas pastorais, sobre as condicións actuais de realización da catequese e da iniciación cristiá.

É conveniente pensar xuntos e compartir dificultades e ameazas, fortalezas e oportunidades da situación actual, tendo en conta as novas circunstancias familiares, educativas e sociais; e considerando tamén as esixencias dunha situación en que se fai necesario, mesmo na mesma catequese, un «primeiro anuncio», non podendo contarse con que o Evanxeo e a fe fosen transmitidos xa inicialmente nas familias e as parroquias, como sucedía en anteriores xeracións. Ao mesmo tempo, poderemos compartir algunhas das «boas prácticas» que se realizan igualmente ao longo da nosa Diocese. A nosa Delegación propoñerá para todo iso algúns pasos posibles.

3.2. Escola

Por outra banda, seguirá sendo tamén unha liña de acción pastoral prioritaria a atención á misión educativa da Igrexa no ámbito do ensino.

Neste curso será necesario asentar definitivamente a **Fundación educativa** que asumirá a titularidade, a xestión e/ou a pastoral dos nosos Colexios diocesanos. Están chamados a ser un instrumento decisivo para a educación na fe e para a relación pastoral con moitas familias; e, polas respostas recibidas ata o de agora, corresponden a necesidades moi reais e sentidas polos fieis.

Neste horizonte, será bo dar pasos, nas liñas indicadas polo pasado Congreso convocado pola CEE, «A Igrexa na educación: presenza e compromiso»; para contribuír a que os diferentes **Colexios ou iniciativas educativas de identidade católica** da nosa Diocese poidan camiñar e responder xuntos aos desafíos actuais da misión de la Igrexa neste ámbito, máis aló da titularidade de cada un.

Convirá insistir, por outra banda, no sentido e a necesidade **da materia de Relixión católica** no currículo escolar. É parte importante da educación na fe e, sen esta materia, pode ser difícil a nenos e mozos coñecer e comprender o propio patrimonio moral e relixioso, abrirse á intelixencia da fe e confirmar a propia adhesión persoal a ela.

A materia da ERE debe ser vista como parte constitutiva dun proceso educativo integral, en particular para os fieis católicos. Convén, por iso, apoiala pastoralmente, ante as familias e ante toda a comunidade parroquial; así como coidar a relación cos seus profesores. Será oportuno atopar os modos de insistir na súa proposta, especialmente nos momentos máis decisivos para a matriculación nas escolas. Contaremos para iso coa colaboración da nosa Delegación.

En conxunto, a este respecto, podería dicirse que segue sendo unha opción pastoral absolutamente prioritaria o coidado da relación «parroquia/familia/escola», como tres piares necesarios para a transmisión e a educación na fe.

4. Caridade

A esperanza cristiá fúndase na certeza do Amor do Señor, que chegou á morte por nós e a nosa salvación. Esta memoria revive particularmente cando se fai experiencia da caridade, ante o testemuño vivo do amor que recibimos gratuitamente na nosa historia.

O encontro con este amor confirma sempre a nosa esperanza, refórzaa nos seus fundamentos mesmos. Isto pode dicirse de todas as formas de amor verdadeiro, en primeiro lugar e do modo máis inmediato, o dos pais e nais, dos matrimonios, en relación cos cales os fillos adquirimos sempre as certezaas máis fondas e espertamos á esperanza. Pode dicirse, por suposto, de todos os que entregan a súa vida polo noso Señor e polos irmáns: os mártires da fe, as súas testemuñas no medio da nosa sociedade en circunstancias con frecuencia adversas, as persoas de vida consagrada, os moitos santos que viven a caridade con sinxeleza, por suposto aqueles que veneramos nos altares e a Santísima Virxe María. Camiñar así, nun Pobo unido, rico de testemuñas, animado polo Amor do Señor e a certeza da vida eterna, sostén a nosa propia esperanza en todas as dificultades.

De feito, desde o Secretariado do Xubileu pídesenos un xesto particular de caridade, que exprese o alento máis fondo do ano xubilar, visibilizando ante todo o Pobo de Deus unha realidade de sufrimento que a Igrexa está atendendo. Propónsenos incluso un xesto concreto: **reflexionar e animar á colaboración en favor das vítimas de trata**, homes e mulleres. Nós poderemos facelo coa axuda da nosa Caritas diocesana, que leva adiante xa desde hai anos un «Programa de atención a mulleres vítimas de violencia, trata ou explotación sexual»; de modo que este curso tomemos maior conciencia deste drama grande e crecente, e expresemos de forma concreta a nosa solidariedade e colaboración.

Neste sentido, quixera subliñar igualmente a iniciativa pastoral que chamamos **«Casa da misericordia»**, que esperamos poder inaugurar, Deus mediante, este curso, vinculada tamén cos proxectos da nosa Caritas Diocesana.

Será un servizo destinado directamente aos presos que saen do cárcere en terceiro grao, con algún permiso penal, e necesitan un lugar de residencia para iso. Continúase e actualízase así unha iniciativa que existía desde hai anos na Diocese, e que nos propu-xemos renovar con ocasión do pasado «Ano xubilar da Misericordia», convocado xa polo papa Francisco. Abrirémola neste novo «Ano xubilar» baixo o signo da esperanza, particularmente adecuado á situación das persoas que recibirán estes servizos. Confiamos que contribúa a que os usuarios poidan facer a experiencia coa que Francisco nos fala a todos da necesidade do perdón e do perdoar: unha «experiencia colma de perdón non pode senón abrir o corazón e a mente para perdoar. Perdoar non cambia o pasado, non pode modificar o que xa sucedeu; e, con todo, o perdón pode permitir que cambie o futuro e se viva dunha maneira diferente, sen rancor, sen ira nin vinganza. O futuro iluminado polo perdón fai posible que o pasado se lea con outros ollos, máis serenos, aínda que estean aínda sucados polas bágoas». (23c)

Ambas iniciativas son sen dúbida expresión moi adecuada da verdadeira caridade, que fai posible en calquera circunstancia o espertar renovado da vida e da esperanza.

5. Nai da esperanza

Encomendamos, en fin, o curso pastoral con todas as súas moitas actividades, programadas ou imprevistas, á Santísima Virxe María, Estrela dos mares, «título expresivo da esperanza certa de que, nos borrascosos acontecementos da vida, a Nai de Deus vén no noso auxilio, sostennos e convidanos a confiar e a seguir esperando» (24).

Todos os que temos responsabilidade pastoral, cada un dos fieis na súa vocación e misión, estamos chamados a ser testemuñas cribles, signos e instrumentos de esperanza; e necesitamos gardar no corazón a memoria viva do Amor do Señor.

Pidamos esta inmensa riqueza, capaz de soste toda a nosa existencia e o noso labor, para nós mesmos e os uns para os outros.

Acompañémonos e sosteñámonos de boa gana na esperanza, especialmente en momentos de escuridade ou dificultade. Que a caridade mutua sexa sempre un consolo e ilumine as nosas relacións, sobre todo á hora de necesitar ou ofrecer un consello, ou mesmo dunha corrección fraterna.

Que a nosa Nai, a Virxe María, nos amose a Xesús, froito bendito do seu ventre, ao Bo Pastor que nos amou e se entregou por nós. Baixo o seu amparo poñemos o noso curso pastoral, tarefas, esforzos, relacións, tamén momentos de cansazo, e as nosas persoas en primeiro lugar.

Santa María, Virxe dos Ollos Grandes, cheos de luz por estar sempre contemplando a Xesús, no presebe, na cruz e na gloria, Nai de Deus e Nai nosa, roga por nós, para que neste curso podamos facer presente a todos a luz da esperanza!

+ Alfonso, bispo de Lugo